



MANUEL MARÍA (AĞOSTO de 1990)

MEUS QUERIDOS AMIĞOS,

MEUS VECIÑOS:

Servidor, que leva trinta e dous anos vivindo entre vós e con vós e a quen, a xenerosidade dos monfortinos, fixo *FILLO ADOPTIVO DA CIDADE* -a máis grande honra a que ún podía aspirar- sintese moi satisfeito porque, esta ano o escollestes por pregoeiro das nosas *FESTAS MAIORES*. Gracias por tanta xentileza e amizade.

Ao comenزار a lectura do pregón -é de lei que os pregós se lean- non podemos menos que lembrar aqueles versos inesquencibles de Antonio Machado:

Nadie elige su amor ...

.....

Mi corazón está donde ha nacido,

no a la vida, al amor ...

O vello e canso corazón de quen vos fala, eiquí está en Monforte de Lemos,



*laxando ao pe do voso, no máis alto do Monte de San Vicente do Pino, de onde
olla á cidade, ao Val e está máis perto das estrelas, cuio misterio andan a violar
eses aparellos que, a asombrosa técnica dos nosos días, manda por eses mundos de
Nosos Señor para explorar o espacio. Con todo as estrelas, máis que unha realidade,
son o símbolo desa fame de luz que o ser humano leva consigo e que endexamáis
poderá matar.*

*Viver o día a día en Monforte de Lemos é un privilexio. Trátase dunha cidade
fermosa que ten a medida do humano.*

*Eiquí aínda os vecinos nos coñecemos e tratamos familiarmente, un por un, aos
recunchos da urbe. Unha cidade que ten o Monte de San Vicente do Pino, alta
acrópolis de "torres convecinas de los cielos" como nos ensinou, para sempre, don
Luis de Góngora e o río Cabe a mellor e máis delicada ave cantora de todo o Val
podía ser unha das máis fermosas urbes do Occidente e sabemos e calibramos o que
vai na afirmación. Podía. E, ao mellor, aínda pode. ¡Quién sabe!. Estamos
convencidos de que a vida dunha persoa a dunha xeración é sempre curta demais por
moi longa que sexa e a vida dun povo vai pra lonxe. Polo demais, as xentes*



monfortinas como a súa paisaxe son abertas, ledas, tolerantes, simpáticas, liberais. Eiquí non se lle pregunta aín quen é nen de onde ven. Acéptase e abrénselle, con toda franqueza e sen nengunha reserva as portas de tódolos afectos. Esto fai que, a cidade, por abrirse aos demais, cecáis se esqueza de si mesma.

Compre ter moi presente, nestes intres nos que tanto se fala e se desexa recuperar o propio, de normalizar ao país política e culturalmente cando hai que normalizar unha situación é que esa situación é anormal, henos fundamental, en primeiro lugar, a nosa língoa, soporte da cultura propia, mesmo pró noso desenrolo económico. Un desenrolo feito nunha língoa allea será sempre colonización ou domesticación pro endexamáis auténtico desenrolo. E neste aspecto o noso povo ten unha esperencia de séculos certamente tráxica. Ao renunciar á fala, que nos traduce e nos espresa, renunciámos a creación máis xenial do noso povo, ao máis fondo do noso ser e ao que nos fai diferentes entre tódolos povos do mundo. E quedámonos nunhos híbridos estériles que renegamos do propio e non asimilamos, en profundidade, o alleo. Porque falémolo ou non o falemos, amémolo ou odiémolo,



gustémos ou non nos guste, asumámolo ou non o asumamos o galego é o noso idioma. E non trabuquemos universalidade con uniformismo. A universalidade é un problema de calidade e o uniformismo e o cosmopolismo son problemas de cantidade. Non caigamos, pois, naquelo que dice Antonio Machado:

Todo necio

confunde valor y precio.

Polo que se refire a afirmación do propio, compre observar o que está acontecendo nos chamados países do Este: cada etnia reclama o mesmo que no resto do mundo, incluso con violencia, a súa propia identidade. E van a acadala porque cando se loita por algo natural e xusto, tarde ou cedo, a victoria é segura. Non vaíamos a contraño da Historia unha vez máis. Nós, antes que nada, somos seres humanos, logo monfortinos e galegos. E logo todo o que se queira.

Vale a pena acudir unha vez máis a Otero Pedraio pra que, maxistralmente, nos sintetice a historia da nosa cidade:

"A terra de Lemos etimoloxía emparentada coas de Lymn, Lemán, Limia, Limoges, Limagne, de raíz significativa de país húmedo e fértil correspondía aos lemavos,



citados por Plinio e tivo de antigo como centro o castro Dactonio, veciño de outros como o de Proendos e Rabela, nos que apareceron restos arqueolóxicos e son fonte de lendas. Na época da grande restauración monástica do século X ocuparon o castro Dactonio os monxes de San Vicente do Pino, de tido semellante ao "Pinarío" de Santiago. Co Monforte monástico coincide un feudal. Alfonso VI concedeu Monforte e Sarria a Froila Díaz (1104) que afirmou a vila nas abas do castro. Foron longas as competencias entre os condes e os abades. Donos os Fernández de Castro do señorío de Lemos a Historia de Monforte confúndese por moito tempo coa desta ilustre casa, que compartiu cos Andrade a primacía dos séculos finais do medioevo e produciu nos seguintes notabeis figuras de relixiosos, gobernantes e mecenas. Monforte, rica, culta, foi celebrada por Argensola e por Góngora, que a lembra nun soneto:

*El templo vi a Minerva dedicado
de cuyos geométricos modelos
si todo lo moderno tiene celos,
tuviera envidia todo lo pasado.*



.....
*¡Oh cuánto deste monte imperioso
descubro!. Un mundo veo. Poco ha sido
que seis orbes se ven en tu divisa.*

*Desenvolveu a cría do verme e a industria da seda, como a prateria e outras,
debidas a presenza dun centro de grandes e refinadas esixencias. A súa cofradía
de San Elói foi das mellores da Galiza. Entre os Lemos nados neste castelo
figuran don Pedro Álvarez Osorio, célebre no tempo da Guerra Irmandiña; o
cardenal de Sevilla D. Rodrigo de Castro nacido accidentalmente fora de Galicia
pro con fortes vencellos monfortinos fundador da Compañía; D. Pedro Fernández de
Castro, virrei de Nápoles, honrado coa dedicatoria da Segunda Parte do "Quijote"
e do Persiles e Segismunda, por Cervantes. "Puesto ya el pie en el estribo con
ansias de la muerte gran señor, esta os escribo". O nome de Monforte comenza a
usarse a remate do século XII, no lugar do de "Pino", como se dice nun privilexio
de concesión ao mosteiro (1199) das eirexas de "Montiforte qui olim dicebatur
Pinus". Como praza forte xogou o seu papel na Guerra da Independencia en feitos*



relatados por D. Xosé Fernández Neira, no folleto *Proezas de Galicia explicadas* baixo a conversación rústica de dos compadres, Cinto y Mingote (1810), reimpresso por D. Andrés Martínez Salazar, o benemérito editor da Biblioteca Gallega. É patria de dous grandes mestres da Ciencia na Universidade Compostelana do século XIX: D. Antonio Casares, ilustre químico e D. Maximino Teixeira, iniciador da Meicma e Ciruxía modernas; do crítico de arte D. Antonio Méndez Casal, falecido en 1940; e nos tempos do arte románico do mestre Raimundo, a quen se atribue a catedral de Lugo [e a de Tui].

A estes nomes de monfortinos ilustres hai que engadir o dos pintores Gloria Fernández e Roberto González. O do músico Ricardo Quiroga. O dos historiadores Boo Pita, Dalmiro de la Válgoma, monfortino por accidente, Hermida Balado e, sobor de todo, Xermán Vázquez, autor da historia máis importante da cidade e da Terra de Lemos, que ten afortunada continuación nas investigacións de Manuela Sanz, María Luisa Lorenzana Lamelo e Anxel Arnaiz que, na prensa diaria, fai unha solvente e amena divulgación do pasado histórico monfortino. E dos escritores e poetas hai que salientar a Xosé Ibáñez, R.M. de Andrade, Miguel Anxo Baamonde



Hermida, os dous irmáns Pereiro, Antonio Rodríguez e Lois Diéguez.

Se a obriga de todo pregoeiro é resaltar aquilo que pregoa, servidor ten que dicir de Monforte de Lemos que, pra él, é a cidade perfecta: polo tamaño, pola beleza, pola xeitosa e pola xente.

A Acrópolis Monfortina como lle chamou Otero Pedraio ao cume do Monte de San Vicente do Pino, pra decilo con palabras do grande poeta Cabanillas,

*"Está nun castro soave, redondo
como un peito de muller".*

Porque San Vicente do Pino é algo así como os ollos da cidade que contemplan, atentos, aplicados e namorados, a longura do Val polo que andan libres os nosos ensoñares, limitados só polos Montes do Caurel, señorío da palabra poética de Novoneyra, coronados de neve e de pureza deica ben entrada a primavera e habitados por ceibas ventos viaxeiros; os pincaros de Caldelas e o Monte Meda, acompañados pola música máxica do Sil que xa ven de arrolar, co seu canto montesío, os viños valdeorreses e quirogueses pra darlle a súa armonía e cuíos montes en marzo reventan, pola gracia dos seus toxos, uces, carpazas e xesteiras en ouros



delirantes e violetas pálidos. Os horizontes de Sober e de Pantón, tornasolados polas luces da serán. As terras altas e altivas do Saviñao que se confunden coas lixeiras nubes vagamundas, sucando un ceo entre azul e gris. E os violetas e marrós, solprendentes, da Somoza Mayor caio nome ten que recuperarse como tantas cousas fermosas e necesarias oxe conocida como Bóveda, que é a capital do seu municipio. E mesmo diante de nós, o Cornado, aínda pasmado coa solpresa de ollar pasar ao primeiro tren e, na banda oposta, o Mar Roxo, de claras resonancias bíblicas e xudeas.

Se de San Vicente do Pino se pode afirmar que é algo así como os ollos da cidade, rúa do Cardenal é sen dúbida o corazón o latexar íntimo e aberto do ser monfortino, a gracia das galerías en cuíros vidros os raios do sol da tarde que se vai se resisten a morrer.

Os dous brazos serían Os Abeledos e Os Chaos. Os Abeledos, co seu vello trazado de corredoiras pola que antano cantaban os carros do país, coas suas restras de millo, moi alñadas e recreadas, nos corredores, enchendo de ouro os doces solpores do outono, en muda e ouridourada competición coas de Ramberde e Carude. E o seu



máxico nome de abelaneira, como na pastorela de Airas Nunes, aquel crego-poeta do século XII, compostelano de nación, que deixou, na gaiola prodixosa dunha cantiga, presa, dende hai séculos, abrisa meneando ás abairas do medioevo e agarimando o rostro inmarcesible das fermosas:

Bailemos nós xa todas tres, ai amigas,

so aquestas abelaneiras frohidas

e quen for belida como nós, belidas

se amigo amar

so aquestas abelaneiras frohidas

virá bailar.

¿Qué sería das abelaneiras de Os Abeledos e dos ventos leviás que as visitaban, arrincándolles unha canción doce e delicada, cecáis un "monótono fungar" como o dos piñeiros pondalíanos?.

Os Chaos, coa Praza do Piñeiro, a rua da estrela ¿de que estrela se tratará, cecáis de Venus clara, a Esterlina do Luceiro, decorando solpores e menceres?. E a ... "Ponte dos Picos onde se laía o Regueiro e cantan os mazaricos". A rua da



Estrela cantada e encantada coas palabras de Lois Diéguez:

Casas vellas nas rúa de cemento,

Nas cores da tarde

érguense vestidas de festa,

Baixos corredores de madeira

onde as andaríñas se pousaban,

Ou aínda:

Anunciávante as cochorras

co seu alqueireo súpeto

que cortaba o silencio da mañá,

a voz do regueiro

con tenros laios de cristal,

os bicos do sol nos negrillos

dos Marta e dos Perolo,

as cores froridas

dos vellos corredores de madeira a se espellar nas bágoas da rúa.



¡As bágoas da rua! fermoso xeito de nominar as poceiras humildes, resinadas e porcas, que mansamente se deixan esmagar polas rodas dos automóviles.

E o barrio de San Antonio, co seu ésotico cruceiro, escoitando aínda os tratos e baratos dos vellos mercados. San Lázaro, coa súa eirexa de refuxo contra tanta soedade, desamparo, egoísmo e personalismo. Ramberde, cos seus corredores, que semella non querer deixar ir ao Cabe ao Sil, que pra él é o morrer. E o Cabe algareiro que se remansa, frente a Ramberde, a espellar e fixar a imaxe da súa rua e dos seus correores e galerías. E por fin esa leición de xeometría sinxela, poética e austera que é o Colexo de Nosa Señora a Antiga, desnudo e sobrio como a vida e que nós soñamos ollar un día como sede da Universidade Monfortina ou, cando menos, como Colexo Universitario.

E sa que de xeometría falamos pdemos, na cidade de Monforte de Lemos, atopar, feita realidade, unha xeometría poética, máxica e humanísima. Así, a verticalidade de san Vicente do Pino, coa súa trioloxía de pedra torre, mosteiro e pazo. A circunferencia das vellas murallas. O semicírculo de Dr. Teixeira, Arrabaldo e Dr. Casares que se resolve nunha recta perfecta, que nos leva ao Cantábrico, o



mar da Celtia. A liña ondulada do Cabe... ¡Qué sei eu..! ¡Ah! E a nostalxa das vellas locomotoras de carbón, enchendo o Val e a cidade coa súa respiración asmática, o seu fume, que non contaminaba demasiado e o seu silbido que, como un paxaro xigante e estrano, ecoaba maxicamente nos lonxanos montes: era a voz do Progreso, a chamada a mundos desconocidos e misteriosos.

Moitas das cidades e vilas galegas teñen o seu santo propio, que é o padroeiro. Así Compostela, o apóstolo Santiago; Tui, San Pedro González Telmo; Celanova, San Rosendo; Vilanova de Lourenzá, o Conde Santo; Foz, San Gonzalo; Lugo, San Froilán, aquel eremita humilde, amigo dos lobos e da soedade que foi bispo de León. Monforte de Lemos non chega a tanto e só ten un beato, pro que vale máis que algún santo: o P. José de Agravantes, natural da provincia de Soria, que viviu entre nós os vinte derradeiros anos da súa vida, no século XVIII, capelán das Clarisas, onde está tamén enterrado e que morreu en olor de santidad, que é un olor a membrillo marmelo en correcto galego según nos insinou Alvaro Cunqueiro. Os monfortinos temos un pouco esquecido ao noso beato. Según conta a súa biografía: "Renunciou a mitras e grandezas e atesourou o don da profecía e do



conocemento dos sagrados do corazón humano. Curou a cegos, mudos e eivados. Lanzou aos demos, fixo agromar fontes, espallou nubes, fixo fuxir as feras e multiplicou as colleitas. Sobor dun seu ombreiro pousábase unha pomba mentras predicaba e maravillou a moitos videntes cun xorro de estrelas que saían da sua boca"... "É tradición en Monforte que, ao producirse o seu óbito, un arco de máxicas luces, tendeuse desde a casoupa do santo varón deica ao lugar do convento das Clarisas no que debía ser soterrado. E nese lugar mantense incorrupto o seu corpo, según diversas testemuñas..." A lenda de frei José de Garabantes débese incorporar ao acervo das lendas monfortinas como a da coroa de fogo ou a María Castaña, entre outras.

Esquencida a Festa das Reliquias, que se celebraba no florido maio, pra honrar as que hai ou había na eirexa do Colexo da Compañía, agora as festas patronais están baixo a advocación da Virxe de Monserrat en pleno agosto, cando o vrau madurou e anuncia os días vendimadores do setembro.

Non se sabe a data na que, a Virxe de Monserrat foi nomeada Padroeira da cidade e do Val. Ilustres historiadores locais, entre os que citaremos a Arias Sanxurxo, o



P. Toribio Pascual e Hermida Balado sosteñen que ese padroazgo data da metade do século XVII. E que advocación de Monserrat se debe ao mandato de algunhos dos abades catalás que houbo varios nesa época no mosteiro de San Vicente do Pino. A imaxe da Virxe monfortina é branca e trátase dunha fermosa talla do século XIII, que mide 92cm. de altura. Como explicou o P. Toribio Pascual: "O que a Virxe esteña vestida obedece a corrente de indudable mal gosto que fixo que a sagrada imaxe fora recuberta con vestiduras, moda da que non se librarón as más veneradas imaxes da Virxe en toda España".

O caso é que, no mes de agosto, cando o urau é un delirio de luz, Monforte de Lemos celebra as súas festas maiores. As nosas xentes que están na emigración exterior e interior, veñen gastar as súas vacacións perto dos seus, no seu lugar de orixe de onde non se debían ter ido nunca, se todo fora como debe ser, pra participar na alegría colectiva. Os días de festa son sempre algo así como unha flor aberta cara ao optimismo e a esperanza, na que valeiramos as nosas tristezas e preocupacións. O tempo faise breve e pasa como un salouco. Ademais de atoparnos con familiares e amigos, unha festa auténtica tamén nos debe facilitar o encontro



coa nosa música, coas nosas cancións un povo que deixa de cantar comenza a morrer, co xeito peculiar que temos de divertirnos, coa nosa cocíña. Cunqueiro decía que, sen cocíña, non había resurrección da carne. E sen resurrección non había salvación. Coidamos que estaba no certo.

Que romería, xente e cidade formen unha perfecta armonía na que a xente se sinta ao seu gusto. Unha festa non pode ser só un barullo infernal e caótico, máis do que os humanos oídos poden soportar. Para eso están as discotecas, co seu barullo intolerable e unha música allea e coica que fan imposible a conversa sosegada, o xeito máis perfecto de entendemento entre os humanos. Agora o que se está a propiciar é o desentendemento.

Cecáis que esta sexa unha boa ocasión pro pedirlle as nosas autoridades e aos nosos vecinos que non atenten nen derramen o mundo que herdamos de xeracións anteriores. Que o aire sexa respirabel, as árbores coidadas e respetadas, o río un espello reluciente, habitado non só por peixes senón tamén polas nereidas. Que ao noso Cabe lle queipa a responsabilidade e a honra de cumprir nel o que dicen os versículos IX e XI da Epístola de Santiago o Mayor, apóstol, aos peixes do río Ulla:



"Pois concedes as estacións polo saltón, a mosca, as follas secas e os cristais do xelo, así conoceredes a Brandán, Francisco e Antonio cando veñan falarvos, porque as augas poñeráanse tan doadas como o saltón brinca e as súas palabras, ollarédelas ir, río abaixo, como as follas secas van no Outono, pequenas barcas vagamundas".

"E o que de vós teña o ouvido tan fino que lle permita sentir caer o pétalo dunha flor de mazairo na auga de presa muñeira, ese que se poña de campareiro das eirexas submarinas e que sexa o seu tocar ledado e diga: "Amén, amén".

E por fin que lugares, parroquias, vilas e cidades sexan espazos fermosos e deliciosos nos que esteñamos moi gustosos, nos reconcilien coa vida e aumenten, en toda a xente, os desexos de vivir. O universo é unha unidade daque o home resulta ser unha parte moi pequena. Esta unidade _ esencialmente distinta da uniformidade _ deixouna expresada, pra sempre, un grande poeta, neste achádago rodixoso: "Cando se arrinca unha herbiña do chao, no alto ceo parpadexa unha estrela".

As festas maiores de Monforte de Lemos van comenazar. Os foguetes encherán de estronicio a todo o Val, pregoeiros dunhos días que desexo cumpridos e felices. As



xentes do Saviñao, Sober, Pantón, as dúas Somozas, A Póvoa do Brollon, o Incio baixarán á súa capital natural co corazón aceso e florido, gozar da romería e abrir, como luas cheas, os seus pasmados ollos diante dos fogos de lucería, unha das nosas grandes atraccións festeiras, principalmente os do río. O Cabe como cantou o noso poeta Antonio Rodríguez:

*O río maino, corredor do inexplicable e...
e moi maino.*

A xente maior, ao lembrar festas idas, abrirá as súas lembranzas cara ao xardín das nostalxas. Os de mediana idade disfrutarán da romería dun xeito mesurado e ledado ao mesmo tempo. A xuventude non saberá que facer con tanta vida que brinca dentro de si. No corazón e nos beizos dos rapaces reventarán, de xeito incontibel, cancións de amor. A paisaxe e a cidade mostráranse xenerosas, agradecidas e entusiasmadas coa xente propia e coa forasteira, que nunca, entre nós, será allea. A xente voltará a Monforte de Lemos porque, como dice o poema de Lois Dieguez:

*En ti está o mar de luz que percuro,
o arco da vella*



*dos meus anos cativos,
o escentileo que intento apreixar.*

Por iso volto a ti

cando a xistra e o corisco me salagan.

*E non só polo que dice o poeta. Tamén nos días nos que a vida sorri emocionada e
resoa, nas rúas, o son sagrado da gaita, anunciando as festas maiores na cidade e en
nós mesmos.*

As festas de Monforte de Lemos comenzaron. ¡Qué vos divirtades!

¡Viva Monforte de Lemos!

¡Viva Galiza!